



## PROXECCIÓN DO DOCUMENTAL **DEP: DESTRUIR É O PLAN** **SOS SANIDADE PÚBLICA**

Coloquio posterior con **MANUEL MARTÍN**, voceiro de SOS Sanidade Pública

**SÁBADO 8 DE XUÑO DE 2024**

**20:00 HORAS**

**AUDITORIO MUNICIPAL DE VILALBA**

O INSTITUTO DE ESTUDOS CHAIREGOS organiza o *sábado 8 de xuño, ás 20:00 horas, no Auditorio Municipal de Vilalba*, a proxección do documental “**DEP: DESTRUIR É O PLAN**”, impulsado pola plataforma **SOS Sanidade Pública**, e que pretende descubrir "de maneira áxil e entretida os motivos polos que a mortalidade evitable, non explicable pola epidemioloxía, segue crecendo en Galicia”.

O video conta coa colaboración de expertos e profesionais sanitarios así como entrevistas con

testemuñas que están a sufrir as consecuencias do colapso do noso sistema sanitario.

Ao final da proxección terá lugar un coloquio no que participará **MANUEL MARTÍN**, voceiro de **SOS Sanidade Pública**.

Entrada libre ata completar aforo.



SOS SANIDADE é unha plataforma de profesionais do sector sanitario, que apoiados por todo tipo de entidades e colectivos, traballan sen ánimo de lucro para resolver os problemas do Sistema Público de Saúde xerados pola irresponsable xestión destructiva da Xunta de Galicia, que desde fai anos reduce o gasto da sanidade sen ningunha xustificación mentres aumenta o gasto noutras consellerías moito menos prioritarias para o interese xeral da poboación. Como consecuencia estanse eliminando facultativos e servicios, estanse a pechar centros de atención primaria e alonganse as ocultas listas de espera nos hospitais mentres se subcontrata, privativiza ou deriva o servizo á sanidade privada.